

Aínda que os fondos mariños da costa de Dexo-Serantes atesouran unha boa parte da fauna total do espazo, os vertebrados terrestres teñen tamén unha importancia sobresaínte no que a diversidade e conservación se refire.

O grupo faunístico máis abundante, diverso e que chama máis a atención dentro do espazo natural é o das aves. A costa de Dexo-Serantes conta cun total de 82 especies, entre mariñas e terrestres, das que 57 crían na zona. Os acantilados son elementos singulares porque aquí aniñan aves que se reproducen de forma escasa ou localizada no resto do territorio galego, como o **andoriñón real** ou o **lagarteiro**. Pódese observar voando entre as rochas ao **falcón peregrino**

, ao

corvo grande

e ao

rabirrubio

; e na matogueira á

papuxa do mato

, á

azulenta

e ao

chasco común

.



O **corvo mariño cristado** ocupa este tramo de costa. As maiores poboacións ibéricas encóntranse en Galicia, onde experimentaron un acusado declive nos últimos anos. Malia iso, a poboación de Dexo-Serantes parece manterse estable. Fronte aos acantilados de Dexo tamén pódense ver **furabuchos, paíños, mascatos, pentumeiros e carolos**

Os mamíferos presentes no espazo son dos máis comúns en Galicia, aínda que a área conta con algunha especie endémica da península Ibérica como o **furafollas ibérico** ou a **toupa ibérica**

Na actualidade o catálogo conta con arredor de dezasete especies de presenza segura e once de presenza probable. Entre os mamíferos de maior tamaño que podemos encontrar na zona

figura o

raposo

, o abundante

coello

e a

donicela

, que é un carnívoro de carácter fuxidío que se move rápido e en silencio mentres caza, entre as súas presas favoritas encóntranse os furafollas. O

furaño común

é un minúsculo mamífero, case cego pero con bo oído e olfacto, obxecto de moitas lendas, pois considerábase un animal dotado de innumerables calidades máxicas.



Por outra parte, oito especies de anfibios e outras tantas de réptiles habitan o espazo natural.

Destas, un total de cinco especies exclusivas da península Ibérica dánse cita na área. O **sapiñ**

o pinto

non ten unha pel seca e áspera como a dos verdadeiros sapos, senón que é húmida e lisa como a das ras. É un endemismo peninsular que está ameazado pola introdución de cangrexo vermello americano que depreda sobre os seus ovos e larvas. Outros anfibios presentes no espazo natural son a

píntega

e o

pintafontes común

. Entre os réptiles destacan a

lagartixa galega

e a

víbora de Seoane

exclusivas do norte peninsular, o

lagarto das silvas

e a

cobra lagarteira común

.